

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARBO

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

*APROBACIÓN PREZO PÚBLICO POR PARTICIPACIÓN NA COMPETICIÓN DEPORTIVA
MARCHA BTT DE ARBO*

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria que tivo lugar o día 22 de xaneiro de 2018, adopto, entre outros, o seguinte acordo:

“PRIMEIRO. Aprobar o seguinte prezo público por participación na competición deportiva municipal denominada “Marcha BTT de Arbo”:

PREZO PÚBLICO POR PARTICIPACIÓN NA COMPETICIÓN DEPORTIVA MUNICIPAL DENOMINADA “MARCHA BBT DE ARBO”

Será obxecto deste prezo público a participación na competición deportiva municipal denominada “Marcha BTT de Arbo” organizada e desenvolta polo Concello de Arbo.

A obriga de pagamento do prezo público establecido nace dende o momento no que se formalice a inscrición na referida competición nos termos previstos no regulamento aprobada para a participación nesta actividade.

O pagamento do prezo público deberá efectuarse mediante ingreso no número de conta bancario que figura no formulado de inscrición.

A inscrición será no modelo facilitado polo Concello.

Coa solicitude de inscrición correspondente deberá achegarse copia do xustificante de pagamento.

Quedan obrigados ao pagamento dos prezos públicos regulados, as persoas e entidades que soliciten a inscrición nesta Marcha

Dita obriga nace no momento da solicitude de participación na actividade e extingúese co disfrute desta.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

A contía do prezo publico fíxase en 10 €.—por participante

5.1. Forma de pagamento

Mediante ingreso no número de conta bancario que figura no formulario de inscrición.

5.2. Baixas e devolucións

a) Poderán solicitarse por escrito 20 días antes do inicio da competición, procedéndose á devolución da cantidade entregada a conta.

En ningún caso se procederá á devolución do prezo pagado unha vez iniciada a prestación do servizo.

b) Cando por causas non imputables ao obrigado ao pagamento do prezo público, non se desenrole a actividade, procederá a devolución do importe que corresponda, previa petición da persoa ou entidade interesada, acompañando a súa petición o orixinal do xustificante de pagamento ou recibo acreditativo do pagamento realizado.

c) A débeda por prezos públicos poderán esixirse polo procedemento de constrinximento.

No non previsto no presente texto regulador e que faga referencia á aplicación, xestión, liquidación, inspección e recadación deste prezo público, estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e demais lexislación de carácter local e xeral que lles sexa de aplicación; en especial o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o Regulamento Xeral de Recadación e demais normativa concordante.

Os presentes prezos públicos e o seu texto regulador entrarán en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP.

SEGUNDO. Procede a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.”

Arbo, 24 de xaneiro de 2018.

O alcalde

Horacio Gil Expósito

